

VI. ANUNCIOS**C) OUTROS ANUNCIOS****FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA CENTRO TECNOLÓXICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA**

ANUNCIO polo que se convoca o proceso selectivo para cubrir catro prazas de persoal investigador.

– 2 investigadores/as experimentais en tecnoloxías de computación cuántica:

- Referencias PERTE47-25-TSP-TCC-EXP1 e PERTE-47-25-TSP-TCC-EXP2: realizarán actividades de investigación, experimentación e difusión científica no marco dun proxecto centrado na construción dunha rede neuronal óptica cuántica para a optimización combinatoria.

– 1 investigador sénior en tecnoloxías experimentais de computación cuántica:

- Referencia PERTE47-25-TSP-INVSEN-TECC1: realizará tarefas de procura, análise e síntese de información científica e técnica, así como o desenvolvemento experimental no marco dos proxectos de investigación en computación cuántica promovidos en colaboración coa Universidade de Vigo.

– 1 investigador/a en Dinámica Molecular e Intelixencia Artificial:

Referencia EDD-DATALIFE-25-INV-IA1: con tarefas de aplicar dinámica molecular (MD), simulacións de MD de gran tamaño e algoritmos de IA para estudar varios sistemas biomoleculares, incluíndo péptidos antimicrobianos (AMP).

Contratos de actividades científico-técnicas previstos no artigo 23.bis da Lei 14/2011, do 1 de xuño, a xornada completa, cuxo obxecto será a realización de actividades vinculadas a liñas de investigación ou de servizos científico-técnicos. Aplícase o Decreto 12/2024, do 11 de xaneiro.

O prazo de presentación de solicitudes para estes postos será de dez (10) días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

CVE-DOG: ehr8qw99-ewy4-qio0-jxw3-6vwsizh9fy00



As bases dos procesos selectivos para estas prazas están expostas na sede do Cesga (avenida de Vigo, s/n, Campus Vida, 15705 Santiago de Compostela) e na páxina web <https://www.cesga.es/gl/transparencia-2/emprego/>

Todas as notificacións que a partir deste momento se orixinen como consecuencia deste proceso selectivo se farán públicas na páxina web do Cesga.

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2025

Lois Orosa Nogueira
Director xerente da Fundación Pública Galega
Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia

CVE-DOG: ehr8qw99-ewy4-qio0-jxw3-6vwsizh9fy00

